



## RESOLUCION DA ALCALDIA

### ASUNTO: TRASLADO TEMPORAL DA UBICACIÓN DO MERCADO SEMANAL DO NÚCLEO DE VIMIANZO. EXP.2020/X999/000153.

Por mor da declaración da pandemia internacional derivada do COVID 19 mediante resolución da OMS de 11 de marzo e a posterior declaración nacional do estado de alarma por Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, foi precisa a implementación de diversas medidas que afectan a diferentes sectores sociais e administrativos a través de sucesivos reais decretos leis.

Conforme foi avanzando a pandemia adoptáronse acordos en materia sanitaria, social e económica co fin de paliar os efectos devastadores da mesma, acordos que son modificados ou axustados as novas realidades xurdidas dos mesmos.

Tendo en conta a Ordenanza reguladora da venda ambulante en mercadillo no concello de Vimianzo, publicada no BOP núm.19, de 23 de xaneiro de 2002, que no seu art. 9 (incluído no capítulo terceiro “emprazamento e horarios”) e que establece: “O Concello comprométese a mante-lo calendario e os horarios establecidos. Non obstante cando circunstancias derivadas de celebracións ou por motivos de orde público que así o aconsellen poderá suspenderse ou modifica-la celebración do mercadillo”.

Na Resolución do 12 de xuño de 2020, da secretaría xeral técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na que entre outros sinala, respecto das feiras ao aire libre: “(...)”3.8. *Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.*

*1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como mercadillos, non poderán superar o setenta e cinco por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal. Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.*

*Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimentarios e de primeira necesidade, asegurando que non se manipulen os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.*

*Os concellos establecerán requisitos de distanciamento entre postos e condicións de delimitación do mercado co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersoal entre traballadores, clientes e viandantes ou, na súa falta, será precisa a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.*

*2. Durante todo o proceso de atención ao consumidor deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal establecida entre o vendedor e o consumidor, que poderá ser dun metro cando se conte con elementos de protección ou barreira.*

*3. Deberá sinalarse de forma clara a distancia de seguridade interpersoal entre clientes, con marcas no chan ou mediante o uso de balizas, cartalaría e sinalización para aqueles casos en que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ao mesmo tempo.*

*4. Recoméndase a posta á disposición de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nas inmediacións dos mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública.*

*5. Realizarase, polo menos unha vez ao día, unha limpeza e desinfección das instalacións con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes, especialmente mostradores e mesas ou outros elementos dos postos, anteparos, de ser o caso, teclados, terminais de pagamento, pantallas táctiles, ferramentas de traballo e outros elementos susceptibles de manipulación, prestando especial atención a aqueles utilizados por máis dun traballador.*



6. Procurarase evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes.(...)”

Vista a guía de recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus nos mercados de venda non sedentaria, emitida pola Xunta de Galicia para a contención adecuadas para a protección do persoal vendedor, da propia clientela e viandantes ante a exposición ao coronavirus.

Tendo en conta á normativa citada así como as recomendacións emanadas da Xunta de Galicia e a Ordenanza reguladora da venda ambulante en mercadillo no Concello de Vimianzo; dende este Concello adoptaronse as medidas necesarias para dar cumprimento ás mesmas sempre buscando o menor prexuízo posible para os afectados polas decisións adoptadas; polo que, logo de escoitar aos afectados, tendo en conta as obrigas legais e recomendacións e co fin de non perxudicar a ningún dos sectores afectados, optouse por trasladar temporalmente a ubicación do mercadillo dos xoves, que se realiza en Vimianzo, a unha nova ubicación que cumpra cos estándares sanitarios e normativa ao respecto, que temos a obriga de cumprir co fin de prever una situación de empeoramento da pandemia que poida producir efectos sanitarios, económicos e sociais, non desexados.

Tendo en conta que o cambio de ubicación que se realizou o día 28/05/2020 co fin de beneficiar á economía de todos os sectores afectados, previa a súa consulta e comunicación, e atendendo á normativa vixente nese momento; emítese esta Resolución para os efectos oportunos co fin de convalidar a situación fáctica así como a necesidade de darlle formalidade a dita situación e o cumprimento da normativa sinalada.

Visto o disposto no art. 21.1 m) da lei de bases de réxime local, respecto das prerrogativas que lle outorga á Alcaldía.

Visto canto antecede, RESOLVO:

Primeiro.- Trasladar, temporalmente, a ubicación do mercado semanal que se celebra os xoves no núcleo de Vimianzo, para o Agra de Trasariz, co fin de cumprir as obrigas legais establecidas polas autoridades competentes en materia sanitaria derivadas do COVID-19.

Esta medida de carácter temporal, que se manterá, previsiblemente, ata o 01/10/2020, poderá ser modificada como consecuencia das ordes, recomendacións e lexislación que se dicte ao respecto polas autoridades competentes.

Segundo.- Publicar este acordo no taboleiro de edictos físico, na sede electrónica e no portal de transparencia. Todo iso, sen prexuízo das notificacións individuais a cada un dos interesados.

Terceiro.-Dar conta desta Resolución na vindeira sesión ordinaria do pleno do Concello.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario, dou fe.

A Alcaldesa

O Secretario xeral

Mónica Rodríguez Ordoñez

Francisco Javier Novoa Juiz

(documento asinado electrónicamente)